COOPS

Cultura, turismo, ocio, patrimonio, medio ambiente

CATÁLOGO
DE
COOPERATIVAS
CULTURAIS - TOPMA
ESPAZOCOOP

XUNTA DE GALICIA
MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL
SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL SEPE
eusumo Cooperativismo e Economía Social
espazo coop unión de cooperativas galegas

EspazoCoop é unha **unión de cooperativas galegas** que agrupa preto de 300 cooperativas de distintos sectores. O modelo predominante é o de traballo asociado, que se demostrou como un motor clave no desenvolvemento económico e social en Galicia. Este tipo de cooperativismo permite xerar emprego estable, de calidade e sostible, sendo especialmente relevante en áreas rurais, onde contribúe a fixar poboación e combater o despoboamento. **En Galicia, máis de 14.000 persoas son socias traballadoras de cooperativas de traballo, representando un 4,16% do total estatal.**

O impacto social das cooperativas reflíctese nos seus valores fundamentais, como a igualdade e a integración social, destacando unha significativa participación feminina: o **56% das cooperativas de traballo están presididas por mulleres. Ademais, EspazoCoop** promove o emprendemento en sectores emerxentes e ofrece apoio integral ás súas socias mediante formación, intercooperación e representación ante institucións. Este tecido social e económico impulsa o desenvolvemento comunitario, consolidando o cooperativismo como un alicerce esencial para o futuro de Galicia.

COOPS

Cultura, turismo, ocio, patrimonio, medio ambiente

Entre as cooperativas de **EspazoCoop** destacan arredor de 50 do sector cultural, e 20 de medio ambiente, turismo, ocio e patrimonio, que están organizadas nunha sectorial específica que exemplifica o dinamismo e a capacidade de adaptación do cooperativismo ante os desafíos sociais, ambientais e económicos. A maioría destas cooperativas naceron nos últimos 10 anos como resposta a unha profunda crise no sector e á precariedade laboral.

Este crecemento amosa como o modelo cooperativo ofrece solucións sostibles e democráticas para os profesionais destes sectores permitindo consolidar proxectos que combinan estabilidade laboral, xestión participada, e un firme compromiso coa creación cultural, a ecoloxía, os desafíos ambientais, o turismo e ocio responsable, e a preservación do patrimonio natural e cultural.

Este catálogo pretende ser unha pequena xanela ao vibrante universo do cooperativismo que alberga Galicia no seo de EspazoCoop.

CATÁLOGO DE COOPERATIVAS CULTURAIS, TURISMO, OCIO, PATRIMONIO E MEDIO AMBIENTE

ESPAZOCOOP

13 GRADOS
S.COOP.GALEGA



666 457 285

info@13grados.com

www.13grados.com

13 Grados é unha cooperativa sen fins de lucro dende a que abrimos unha ventá ao mundo submarino galego para poñelo en valor e promover o coidado deste tesouro que se agocha baixo a superficie.

Cada vez somos máis conscientes da importancia de coñecer e coidar o lugar no que vivimos e existe un interese renovado por vivir a natureza dun xeito diferente. Por este motivo, traballamos dende unha perspectiva de sostibilidade social e ambiental para facer accesible o medio mariño ás persoas a través de diferentes actividades ou mediante a elaboración de recursos divulgativos:

- Experiencias inmersivas submarinas con gafas de realidade virtual.
- Actividades divulgativas: obradoiros e charlas na aula ou na natureza.
- Rutas submarinas interpretadas en directo mediante o uso de ROVs.
- Creación de paneis interpretativos, infografías, despregables ou guías de natureza con ilustracións e fotografías propias.
- Exposicións de fotografía submarina e de ilustración.

7H COOPERATIVA CULTURAL S.COOP.GALEGA

881 978 756

7hcoop@7hcoop.gal

www.7hcoop.gal

7H Cooperativa Cultural é un proxecto de autoemprego colectivo e un modelo de xestión empresarial baseado na economía social solidaria e, por tanto, centrado nas persoas e na comunidade. Tras case 10 anos de experiencia, afianzámonos como unha cooperativa cultural especializada en proxectos artísticos participativos e de base comunitaria, feministas, sociais e cunha forte vinculación ao territorio.

As nosas áreas de actuación céntranse na xestión e mediación cultural, a educación e a arte. Como especialistas na realización integral de proxectos e actividades, comisariado de exposicións e dirección e coordinación de programas artístico-culturais, traballamos de xeito minucioso desde a súa formulación inicial até a súa execución final.

A aposta por dinámicas de creación colectivas, baseadas na participación activa e inclusiva de todas as persoas, ás que consideramos suxeitos con capacidade de expresión artística e non simples públicos pasivos, é un dos nosos sinais de identidade.

A CASA DAS REDES
S.COOP.GALEGA

651 190 679

ola@acasadasredes.gal

www.acasadasredes.gal

A Casa das Redes nace no Val Miñor coa vocación de facer rede entre persoas, entidades e administracións para construír comunidades máis xustas, igualitarias e participativas. Somos unha cooperativa feminista e de economía social que entende o traballo comunitario como a mellor ferramenta para transformar a realidade: crear redes de apoio, colaboración e participación que fortalezan o territorio e as persoas.

Desenvolvemos proxectos de igualdade, educación, participación, cultura, xuventude, inclusión social e coidados, adaptándonos ás necesidades de cada comunidade. Estamos inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) e somos Escola Oficial de Tempo Libre da Xunta de Galicia, impartindo formación oficial para monitorado e dirección de actividades de tempo libre, ademais doutras accións formativas especializadas.

Impulsamos iniciativas propias como a Festa Raxada, un festival comunitario que pon en valor a cultura galega, a participación veciñal, a igualdade e a sustentabilidade.

En A Casa das Redes cremos que educar, coidar, crear cultura e facer comunidade son accións inseparables para construír unha Galicia máis inclusiva, participativa e solidaria.

A FEROZ
S.COOP.GALEGA

650 717 872

aferozferoz@gmail.com

www.aferoz.gal

A Feroz, cooperativa de traballo asociado, é unha compañía de teatro dedicada a estas actividades:

- Produción e representación de pezas artísticas teatrais

- Produción e difusión doutro tipo de formas artísticas (vídeos, audios, libros...)

- Produción e distribución de actividades pedagóxicas vencelladas ás artes

- Xestión de actividades culturais (ciclos, festivais, conferencias, mesas redondas, programacións...)

- Venda de produtos culturais

- Venda de merchandising (bolsas, camisetas, libretas, autoadhesivos...)

A FURNA
S.COOP.GALEGA XUVENIL

711264333
ola@afurnacoop.com
https://afurnacoop.com/

A Furna é unha cooperativa audiovisual especializada na produción audiovisual, comunicación e creación de contidos, asentada en Laxe e formada por Uxía e Illa.

Nace coa vontade de desenvolver un proxecto profesional dende o territorio e de contribuír a descentralización dos servizos audiovisuais e creativos, habitualmente concentrados nas grandes cidades, demostrando que é posible impulsar iniciativas culturais e empresariais de calidade dende o medio rural.

Entre os servizos que ofrecen están a videografía de eventos e corporativa, creación de contido para redes sociais, etalonaxe, edición de vídeo e obradoiros audiovisuais.

A MORADA
S.COOP.GALEGA

613 047 626

ola@amoradacooperativa.com

www.amoradacooperativa.com

A Morada é unha cooperativa sen ánimo de lucro no eido social en Vigo.

Ofrecen ás mulleres un espazo de encontro, un lugar de lecer, asesoramento e formación, conectado coa comunidade e onde os coidados estean no centro.

Realizan e propoñen diversidade de obradoiros e actividades, no marco dun proxecto social e comunitario conforman unha "baiuca":

- Formación e obradoiros de creatividade

- Eventos artísticos e culturais

- Patio de veciñas

- Accións de dinamización comunitaria e proxectos sociais

- Grupos de mulleres

- Asesoramento e acompañamento

- Almorzos e menús saudables

ALALÁ S.COOP.GALEGA

ALALÁ
S.COOP.GALEGA

663 332 116

info@alalacoop.gal

www.alalacoop.gal

Alalá é unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro. Os seus pilares de actuación son a educación social, a educación ambiental e a perspectiva de xénero.

Realizamos servizos de formación, campamentos, talleres e obradoiros relacionados co coidado da natureza, igualdade de xénero e feminismo destinados a toda a comunidade, administración pública e centros educativos.

Móvenos a ética dos coidados, os feminismos e a interseccionalidade, a sensibilización e concienciación ambiental, a intercooperación, a economía social, o consumo consciente e o respecto pola vida.

- Proxectos de desenvolvemento comunitario, con procesos creativos horizontais e participados

- Accións (actividades, dinámicas grupais) que vinculan as particularidades e necesidades de cada sitio para ofrecer solucións prácticas e creativas ás demandas

- Acompañamento na transformación dos territorios e contornas a favor dunha visión ecosocial que interconecta o medio ambiente coas relacións humanas

AVADA
S.COOP.GALEGA

648 872 609

info@avada.gal

www.avada.gal

Avada Sociedade Cooperativa Galega é unha cooperativa adicada á educación, o lecer, a cultura, o medio ambiente e o desenvolvemento rural. O corazón do noso proxecto é a Casa de Bello, en Boado (Mesía), un centro de actividades no rural no que xestionamos un Albergue Xuvenil, unha Granxa Escola e unha Casa do Maior, converténdoo nun lugar de encontro interxeracional, aprendizaxe, convivencia e contacto coa natureza. Desde aquí impulsamos tamén boa parte dos nosos programas educativos, actividades de lecer e iniciativas vencelladas ao territorio.

Xestionamos ademais o programa de visitas educativas e viaxes de fin de curso na Casa do Queixo de Grixalba, achegando cada ano a escolares e outros colectivos ao mundo rural, á elaboración de alimentos, ao patrimonio e á cultura tradicional galega.

Contamos cunha Escola de Tempo Libre propia e, aínda que temos as nosas raíces no rural galego, somos unha cooperativa deslocalizada e sen fronteiras: traballamos nas catro provincias galegas desenvolvendo campamentos, campos de voluntariado, programas de conciliación, formación, educación ambiental, dinamización cultural e proxectos comunitarios. Tamén desenvolvemos proxectos de mobilidade, participación xuvenil e educación non formal en países como Irlanda, Malta ou Italia.

AVENTEIRA S.COOP.GALEGA

722 658 767

aventeira@aventeira.com

www.aventeira.com

Aventeira é unha cooperativa de traballo con sede en Fene, formada por un equipo multidisciplinar especializado no deseño e desenvolvemento de proxectos de educación, intervención social, o lecer e a dinamización comunitaria, orientados á educación en valores, a convivencia e o crecemento persoal e colectivo.

Desenvolven:

- Campamentos infantís e xuvenís con aloxamento e outras actividades de lecer e tempo libre.

- Actividades e excursións para centros educativos e outros colectivos.

- Formación oficial de Monitor/a e Director/a de Actividades de Lecer e Tempo Libre, de Director/a de Campos de Voluntariado e outros cursos.

- Mediación Escolar e convivencia positiva.

- Igualdade e prevención das violencias machistas.

- Dinamización cultural e lingüística.

- Proxectos de participación infantil e xuvenil.

- Hostalería no Xeocámping Montañas do Courel (Ribas de Sil).

AZUL MÁIS VERDE S.COOP.GALEGA

AZUL MAIS VERDE
Coop Cultural

655110 625

info@azulmaisverde.gal

www.azulmaisverde.gal

Somos unha cooperativa de acción cultural, oficio e procesos artesanais, composta por dúas socias: María Bella, experta en comisariado, mediación e xestión cultural, e Frank Buschmann, mestre artesán, ebanista e deseñador industrial.

Desenvolvemos proxectos culturais vinculados aos contextos e ás súas comunidades, formulados como exposicións e investigacións, itinerarios de aprendizaxe, obradoiros, iniciativas participativas e mesmo deseño de infraestruturas e laboratorios de formas. Empregamos a cultura como ferramenta de cohesión social, participación e coidado da memoria e das identidades locais, cun enfoque profesional e sostible. Interésannos especialmente as liñas de acción nas que conflúen cultura, comunidade, medio ambiente e territorio.

Contamos cunha oficina e un obradoiro de madeira en Carnota, desde onde pensamos, facemos, deseñamos, producimos e activamos.

BUSCALUME S.COOP.GALEGA

689 252 805

info@buscalume.com

www.buscalume.com

Buscalume é unha editorial de xogos de mesa modernos creada en Ourense en 2021 por María Eiriz e Germán Ricoy. Estamos convencidos de que, fronte ao aillamento provocado polas pantallas e as redes mal chamadas "sociais", os xogos de mesa modernos ofrecen espazos de convivencia que favorecen a socialización e o desenvolvemento de habilidades coma a tolerancia á frustración, a atención, a memoria, a capacidade de traballo en equipo… e moitas máis, non só para a infancia senón para todas as idades.

Por iso, nós editamos e publicamos xogos de mesa para todos os públicos, axeitados tanto para xogar en familia coma en grupos de amizades, e sen descoidar nunca o aspecto estético, da man de María Eiriz, a nosa directora de arte, que tamén realizou traballos para prestixiosas editoriais estranxeiras de xogos de mesa.

Así mesmo, creamos xogos de mesa por encargo, tanto para institucións públicas como para empresas privadas.

CAL3 FOTOGRAFÍA S.COOP.GALEGA

986 400 965

info@cal3foto.com

www.cal3foto.com

Estudio de fotografía e vídeo, industrial, publicitaria e social.

Desde que en 1976 abríu as portas, Cal3 Fotografía é unha referencia en Redondela e comarca. Un exemplo de continuidade son as catro xeracións vinculadas á fotografía que fan da tradición familiar unha marca de calidade. Fotógrafos da Vila, pero tamén veciños, nun lugar de encontro e relación con quen nos visita. Profesionais na actividade diaria, pero formándonos sempre coas mellores ferramentas para ofrecer o mellor servizo. Colaborando na contorna, facendo exposicións, impartindo obradoiros ou asesorando as persoas interesadas na fotografía.

Desde 2017 formamos unha cooperativa de traballo asociado e incorporamos como nova liña de servizo a produción audiovisual. Os nosos traballos recollen a experiencia e a creatividade a partir das propostas e necesidades da clientela. Facemos a narración en imaxe das historias que nos propoñan tanto as empresas como as persoas que teñen un produto, un motivo de celebración para recordar.

CEM
S.COOP.GALEGA

981 265 640

cemcoop@cemcoop.gal

www.cemcoop.gal

Cem, S. Coop. Galega, profesionais comprometidos co ambiente e a educación. Constituídos en 1992, ofrecemos á sociedade servizos da máxima calidade, orientados a conseguir que as persoas e organizacións respecten, valoren e conserven o medio natural e social.

-Educación ambiental: Coñecer e valorar o medio e participar nas solucións. Deseñamos e poñemos en práctica proxectos diversos de educación ambiental (itinerarios, obradoiros, hortas escolares, aulas de natureza...) dirixidas a todos os públicos, ofrecendo formación e sensibilización, experiencias e vivencias no medio, na natureza.

-Comunicación, divulgación ambiental e interpretación do patrimonio: Comunicación eficiente para concienciar aos visitantes. Producimos material para a comunicación e divulgación ambiental. Ofrecemos solucións de calidade: itinerarios ou rutas sinalizadas, publicacións, exposicións temáticas, paneis, proxectos expositivos, vídeo, contidos dixitais e multimedia.

-Estudo e planificación do medio: Apostando por unha xestión sustentable dos recursos. Elaboramos informes técnicos ambientais cara a facilitar a súa conservación e potenciar o achegamento da sociedade a eles para o seu descubrimento. Homologación de rutas de sendeirismo, estudos diagnóstico de turismo e sendeirismo, mapas de recursos, e inventarios de flora e fauna.

CESTOLA
S.COOP.GALEGA

653 477 783
ola@cestola.org
www.cestola.org

Cestola é unha empresa cooperativa dedicada ao muralismo, a pintura e a ilustración.

Traballamos tanto en conxunto como por separado desde o 2008, cando nos coñecemos na Escola de Artes e Oficios de Granada facendo o Curso de Ilustración. No 2011 mudámonos a Galicia e pronto xuntámonos con Raquel para traballar neste proxecto.

Actualmente os murais son parte fundamental do noso traballo xa que desde 2015 vivimos un momento de auxe do muralismo e cada vez hai máis festivais, particulares, centros educativos e administracións públicas interesadas por el. Este auxe obriga a reflexionar sobre o papel do muralismo no espazo público, que estamos contando e transmitindo. Obriga a estar en constante formación tanto na forma como no fondo, en mellorar o estilo, a técnica, como os temas a tratar, ter tempo de profundar e documentarse.

Entendemos a pintura como o exercicio dunha linguaxe propia mais que debe poder achegarse aos receptores. Por iso é especialmente interesante o muralismo, xa que é pintura fora do espazo privado e dos museos, ten un público xeral con quen comunicar e transmitir a emoción da racionalidade que supón a procura de ideas e historias e da forma elixida para contalas.

CHARLATANA
S.COOP.GALEGA

CHARLATANA .ORG

637 756 129

charlata@charlatana.org

www.charlatana.org

Produción e distribución de espectáculos de artes escénicas e música.

Charlatana é un novo espazo galego de creación, produción e distribución propia que integra diversas disciplinas artísticas: circo, música, teatro infantil e contos.

Nace para crear un espazo de cooperación no que conflúan diversas propostas artísticas onde o obxectivo común é divertir e educar.

A través do humor, o espírito crítico, e o debate en escena, Charlatana crea espectáculos que integran valores como a igualdade, a cooperación, a reciclaxe e a cultura e lingua galegas.

Tres compañías configuran este proxecto: Tropa de Trapo, Peter Punk Pallaso e Blues do País.

CLIPO PRODUCE S.COOP.GALEGA

644 917 900
leo@clipo.es
https://www.clipo.es

Transformamos o coñecemento de marcas e empresas en videopodcasts profesionais que fortalecen a súa autoridade e reputación.

Clipo Produce desenvolven podcasts e contenido audiovisual desde a idea ata a súa publicación, con calidade profesional e unha estratexia de distribución.

- Produción integral de podcasts

- Creación de contido audiovisual

- Distribución multiplataforma

CREATIVAS GALEGAS S.COOP.GALEGA

639 504 102
creativasgalegas@gmail.com
www.creativasgalegas.gal

Creativas Galegas, a través da cooperativa Comunidade Creativa S. Coop. Galega, desenvolve actividades destinadas á promoción, visibilización e comercialización da artesanía, a arte, o deseño e a creación galega, fomentando o traballo colaborativo entre profesionais de diferentes disciplinas creativas.

Unha das súas principais actividades é a xestión do Mercado Galego da Creatividade, un espazo comercial situado no casco histórico de Santiago de Compostela, que funciona como punto de venda, exposición e promoción dos produtos das marcas participantes.

Ademais da actividade comercial, a cooperativa organiza e promove obradoiros creativos, actividades formativas, demostracións de oficios e procesos artesanais en directo, escaparates viventes, exposicións, presentacións de produtos e encontros culturais.

Tamén participa na organización de eventos, feiras, mercados e iniciativas de dinamización comercial e cultural, así como en colaboracións con entidades públicas, privadas e outros colectivos.

A través destas actividades, Creativas Galegas busca achegar os procesos creativos á cidadanía, poñer en valor o talento e a produción local, favorecer o consumo responsable e contribuír á dinamización económica, social e cultural do territorio, impulsando a economía social e o cooperativismo.

CRU
S.COOP.GALEGA

685 514 453
cru@cruprod.com
www.cruprod.com

CRU somos unha produtora audiovisual formada por Iris, Justo e Bea Saiáns.

Saímos á luz o 8 de marzo de 2022, dende aquela devolvemos os nosos recursos ás marxes, ao noso hábitat, onde hai unha capacidade infinita de transformación e talento, invisible para moitos ollos, pero que abrazamos e elevamos.

Priorizamos equipos creativos e técnicos de mulleres ou persoas LGTBQIA+ para paliar a desigualdade de acceso destas a universo do cine e ás que lles proporcionamos un ambiente seguro para traballar.

FILMOGRAFÍA
- Estrea en 2025: Delirio Sketchs, Bea Saiáns
- En desenvolvemento: Familia Pennata, Bea Saiáns 2024
- Delincuente, Alba Domínguez 2023
- Manifesto, Eire Cid

ÁREAS DE TRABALLO
- Produción
- Dirección
- Guión
- Estratexias de marketing e RRSS
- Fotografía
- Formación

CUARZO VERDE
S.COOP.GALEGA

722 423 749

hola@cuarzoverde.es

www.cuarzoverde.es

Somos unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro que traballa en educación ambiental e por alcanzar unha vida sostible.

Impartimos obradoiros e realizamos roteiros para minimizar o impacto ambiental das persoas, favorecer o seu apoderamento individual e consolidar un tecido comunitario entre persoas afíns.

A través destas actividades de ocio consciente, damos a coñecer as nosas contornas próximas para a súa posta en valor, logrando o disfrute e a conexión coa natureza das persoas coa natureza que nos sostén.

Unha das nosas especialidades é dar a coñecer o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, o privilexio e a responsabilidade que é ter tan próximo un espazo protexido tan ligado a nosa cultura popular.

Organizamos as saídas para grupos de particulares, de colectivos con distintos contextos culturais e socioeconómicos e para todo tipo de entidades, públicas ou privadas.

Estamos perfilando novos servizos para ofrecer obradoiros para unha vida sustentable en formato online e para o benestar de persoas traballadoras de empresas en formato presencial.

CUARTO DE INVERNO S.COOP.GALEGA



617 787 077

info@cuartodeinverno.com

www.cuartodeinverno.com

Cuarto de Inverno é unha editorial independente con sede na Galiza, mais os seus libros son libres de voar aló onde queiran.

Publicamos libros porque gozamos con eles, mais tamén axudamos a escribilos, a corrixilos, a deseñalos,...

Gústannos novidosos e arriscados, riquiños e coidados, afoutos e combativos e na súa totalidade: desde a portada até as gardas, desde o código de barras até o colofón.

Os libros que editamos implican unha actitude e un posicionamento vital; un xeito, o noso, de ver o mundo e de estarmos nel.

- Edición de libros en lingua galega

- Servizos editoriais

- Obradoiros e talleres arredor do libro

CUARZO VERDE S.COOP.GALEGA

722 423 749

hola@cuarzoverde.es

www.cuarzoverde.es

Somos unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro que traballa en educación ambiental e por alcanzar unha vida sostible.

Neste contexto impartimos obradoiros e realizamos roteiros para minimizar o impacto ambiental das persoas, favorecer o seu apoderamento individual e a consolidación dun tecido comunitario con persoas afíns.

Por último, a través das actividades de ocio consciente, damos a coñecer as nosas contornas próximas para a súa posta en valor, logrando o disfrute e a conexión coa natureza das persoas coa natureza que os sostén.

CULTURACTIVA S.COOP.GALEGA

981 582 836

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

Somos un grupo cooperativo de 15 traballadoras que funciona en rede de forma colaborativa acompañando a máis de 100 artistas de diferentes xeografías, estilos e linguaxes.

En Culturactiva cremos na cultura como motor de cambio, como unha ferramenta para mellorar a sociedade. Esa é a razón pola que nos erguemos cada día dende hai máis de 25 anos para traballar na xestión cultural, o teatro, a música, o circo, a produción escénica e musical, a distribución, a xestión integral de programacións e a organización de festivais e proxectos culturais. Así achegamos solucións reais ás necesidades das programadoras de entidades e institucións galegas e estatais.

Culturactiva non se entende sen o noso compromiso co país, que se traduce na nosa aposta por espectáculos e festivais que potencian o noso idioma, a igualdade de xénero e a inclusión social, e coa solidariedade internacional. Materialízase no noso soporte e impulso ao colectivo Pallasos en Rebeldía que naceu na Galiza e que agora se espalla por case todos os continentes. Toda unha rede internacional de artistas de circo que promove a solidariedade e a risa como ferramentas para mudar o mundo. Dende Pallasos en Rebeldía perseguimos a utopía e apoiamos a loita pola supervivencia dos pobos en conflito: Palestina, Brasil, Sáhara, Idomeni, Calais ou Chiapas.

CUNDE S.COOP.GALEGA

981 563 764

cunde@cunde.gal

www.cunde.gal

Cunde somos unha cooperativa de traballo asociado que ofrecemos servizos de produción e temos como labor principal o deseño, xestión, coordinación e produción de eventos principalmente culturais.

Achegamos sempre as mellores solucións para o proxecto que o cliente teña en mente. Asemade, poñemos a disposición a mellor selección de persoal e os servizos auxiliares precisos -todo tipo de medios e recursos- para levar adiante calquera evento.

FEITORÍA VERDE S.COOP.GALEGA



698 161 760
feitoriaverde@feitoriaverde.com
https://feitoriaverde.com/

Somos unha cooperativa sen ánimo de lucro que entende a EDUCACIÓN coma un proceso lento de artesanía: orixinal, cheo de afectividade, de tempo investido e de pequenos detalles. Unha acción de transformación social que nos fai estar en constante proceso de mellora e aprendizaxe, tanto persoal como colectivamente.

A nosa metodoloxía basease en procesos participativos, flexibles e adaptados a cada proxecto e a cada grupo, integrando reflexión individual e traballo colectivo.

Empregamos os xogos e as artes como ferramentas claves para a promoción do autocoñecemento, da aprendizaxe compartida, a investigación aplicada e unha avaliación continua.

Entendemos a educación ambiental, a participación comunitaria, a educación social e a igualdade como eixos transversais en todo o que facemos. Esta visión integral permítenos activar cambios reais, onde o coidado, a participación e a transformación social van sempre da man. Facemos realidade esta visión a través de proxectos que poden ser clasificados en cinco grandes ámbitos de traballo:
- Dinamización comunitaria
- Dinamización en centros educativos
- Formación e sensibilización
- Investigación e construción do coñecemento
- Asesoramento e acompañamento

ILLA BUFARDA
S.COOP.GALEGA

693 596 074

info@illabufarda.gal

www.illabufarda.gal

Illa Bufarda é unha cooperativa galega que traballa en produción audiovisual dende o ano 2012. As súas socias traballadoras, conforman un equipo multidisciplinar que abrangue diferentes técnicas, tales como vídeo, animación, fotografía ou deseño, entre outras.

Traballan con diferentes formatos, xéneros e soportes para dar respostas creativas ás necesidades de cada proxecto a través da linguaxe visual.

LABORATORIO ESCÉNICO S.COOP.GALEGA

622 798 617

administracion@laboratorioescenicocoop.com

laboratorioescenicocoop.com

Laboratorio Escénico S. Coop. Galega é unha cooperativa de traballo asociado que traballa no eido das artes escénicas. Está dirixida por Carmen Cotelo, Alba Fernández, Alicia López e Jacqueline Reimúndez, creadoras de artes escénicas.

No 2019, abren o espazo Laboratorio Escénico Coop, espazo de referencia na cidade da Coruña, de formación, investigación e creación de teatro, danza e música para todas as idades e niveis. Tamén é un espazo de creación de espectáculos. Alí reside a compañía Laboratorio Escénico, que traballa dende unha perspectiva social e multidisciplinar, con actualmente 8 espectáculos en xira.

MADA PRODUCIÓNS S.COOP.GALEGA

690 195 217
info@madapro.gal
www.madapro.gal

En Mada Producións levamos vinte anos facendo da programación e da produción cultural a columna vertebral do noso traballo. Tanto nos proxectos de deseño propio, como naqueles que requiren da nosa experiencia, cremos nas redes e no traballo colectivo para facelos realidade, e por iso dende 2024 funcionamos como cooperativa. Ciclos musicais, festivais e encontros, eventos e actividades didácticas. Todos os proxectos necesitan profesionais cómplices e en Mada sabemos que esa é a chave.

Os nosos servizos no ámbito cultural son amplos: produción, comunicación e accesibilidade. Distintos formatos, diferentes escenarios, públicos diversos, e unha fórmula: profesionalidade e ilusión a partes iguais. Cada proxecto é un mundo: que todos teñan un impacto positivo na comunidade, é o noso reto.

MAGIA EN LA MANGA S.COOP.GALEGA

686 300 367
info@magiaenlamanga.com
www.magiaenlamanga.com

Magia en la Manga é unha compañía profesional de ilusionismo con máis de quince anos de experiencia en todo o territorio nacional conformada por Óscar Fernández e Sara Rodríguez. Cun estilo e forma de facer de seu, pero co obxectivo común de difundir e poñer en valor a maxia como arte escénica de pleno dereito.

Dende a súa orixe en 2018, a compañía especializouse en producións dirixidas a programacións culturais en diversos formatos para público familiar. No 2023 dá outro paso ao convertirse na primeira compañía de maxia asociada a Escena Galega, así como coa apertura da primeira escola de maxia de Galicia en Vigo.

Desde maxia en teatros e auditorios, ata maxia de cerca para públicos reducidos, maxia en recepcións e cócteles, sesións privadas con ambiente íntimo, e tamén maxia para empresas.

Na súa traxectoria, foi recoñecida no Pont-Up Store 2019 como mellor proxecto de emprendemento na categoría de Formación, Educación, Arte e Cultura pola súa orixinalidade, calidade e profesionalidade.

Entre as súas colaboracións están o Museo Centro Gaiás, Xacobeo 2021, Xunta de Galicia, Fundación Ciudad de la Energía, Vigocultura, Salón do Libro de Pontevedra, Vialia Vigo ou Grupo SM, entre moitos outros.

MANCHEA
S.COOP.GALEGA

666 204 107
657 613 104
ola@manchea.gal
www.manchea.gal

Artes gráficas e imprenta tradicional, con especial foco na impresión tipográfica, encadernación artesanal, manufactura de papel artesanal, edición de libros, fanzines, e obradoiros.

Entre os principios que guían o proxecto están:

Sustentabilidade: que se traduce en apostar por traballar coa comunidade que nos rodea e por empregar materiais da zona, respectuosos coa contorna ou recuperados e reutilizados.

Colaboración: tendo a sorte de poder traballar con numerosas persoas e colectivos, dando forma ás ideas a través dun traballo conxunto.

Experimentación: xogar cos materiais e os procedementos, combinalos, darlle voltas e buscar solucións imaxinativas.

Facelo ti mesmo: gústanos coñecer os procesos que hai detrás do que facemos e tentamos dominar e facer todas as fases posibles dun proxecto no propio taller.

Por isto, a parte das artes gráficas, dedicamos parte do noso tempo e do noso espazo ao traballo doutros materiais, como o metal ou a madeira.

MALA HERBA PRODUCIÓNS S.COOP.GALEGA XUVENIL

655 428 344
boas@malaherbaproducions.com
www.malaherbaproducions.com

Mala Herba é unha produtora audiovisual e de eventos fundada en 2021 na Escola de Imaxe e Son. Formada por un equipo de mulleres xóvenes, combina a creación artística coa prestación de servizos audiovisuais e de comunicación para empresas, institucións e proxectos culturais.

Traballan con proximidade e compromiso, ofrecendo producións de calidade en vídeo, fotografía, montaxe e dirección de eventos, sempre cunha mirada propia e cun enfoque feminista, interseccional e descentralizado. Mala Herba busca impulsar o audiovisual galego con propostas innovadoras, creativas e adaptadas a cada cliente ou colaboración, mantendo unha identidade sólida e coherente en todos os ámbitos nos que actúa.

Outros servizos:
- Deseño gráfico e identidade visual
- Produción audiovisual
- Deseño de dossieres e materiais para patrocinadores
- Fotografía profesional
- Dirección de produción produción executiva
- Xestión de redes sociais
- Deseño e desenvolvemento web
- Formación e obradoiros

Algunhas producións propias: *Nómades* (Marta Insua), serie web dispoñible en AGalega.gal. *Curmán* (Alejandro Jato), gañadora do Mestre Mateo 2026 a curtametraxe de imaxe real. *A outra escena* (Marta Insua e Claudia Berro), 2026, Premio Luisa Villalta. *Németo* (Marta Insua e Claudia Berro). Curtametraxe gañadora do AMES AV LAB 2024..

MAOS INNOVACIÓN SOCIAL S.COOP.GALEGA

694 474 166

maos@maos.gal

www.maos.gal

Maos Innovación Social somos unha empresa de economía social comprometida coa cultura de proximidade como medio de transformación social. As nosas áreas de especialización son a xestión cultural, a comunicación, a edición e o deseño gráfico.

Ordenamos os nosos servizos en catro bloques principais, combinables entre eles:

- Xestión cultural. Cultura de proximidade; ideamos, desenvolvemos e coordinamos proxectos de investigación e divulgación cultural e patrimonial, destacando a guía de rutas literarias e históricas, os estudos e investigacións, a creación de materiais didácticos, exposicións e publicacións ou a colaboración en festivais

- Comunicación. Xestionamos a área comunicativa de proxectos propios e doutras entidades públicas ou privadas (elaboración de plans de comunicación, xestión de redes sociais, creación de contidos, notas de prensa etc.)

- Deseño gráfico. Contamos historias a través de creacións gráficas, adaptándonos a diversos formatos e soportes. Para facelo, transformamos ideas en imaxes e produtos que toman forma de publicacións, imaxes corporativas, cartelaría etc.

- Edición. Desenvolvemos proxectos editoriais, desde a conceptualización até a impresión, pasando pola coordinación editorial, a creación e/ou revisión de contidos e o deseño e maquetaxe, para libros, unidades didácticas ou folletos

MARMA
S.COOP.GALEGA

660 634 975

contacto@marma.gal

www.marma.gal

Marma é unha cooperativa audiovisual con sede en A Coruña que crea contidos de alto impacto para afondar na comunicación máis social e ambiental das organizacións. Cremos que o vídeo é unha ferramenta capaz de transformar, e por iso traballamos sempre baixo dúas premisas: responsabilidade e entretemento.

Deseñamos e producimos:

- Vídeos divulgativos, para achegar temas complexos a públicos diversos.

- Contidos didácticos, pensados para ensinar e xerar aprendizaxe real.

- Vídeos corporativos, que comunican a identidade e os valores dunha organización.

- Documentais e reportaxes, con enfoque social e cultural. Contido promocional, para dar visibilidade a proxectos con impacto.

Cada formato responde a un mesmo obxectivo: converter mensaxes en historias memorables que conecten, emocionen e xeren cambio real.

METROPOLIS DIXITAL S.COOP.GALEGA

649 885 374

info@metropolis.coop

www.metropolis.coop

Metropolis.coop somos unha cooperativa especializada en audiovisual e deseño gráfico. Traballamos principalmente no sector publicitario, cinematográfico e televisivo, mais tamén ofrecemos servizos corporativos para entidades, organizacións sociais ou empresas.

No ámbito publicitario podemos ofrecer o desenvolvemento de todo tipo de materiais visuais, asumindo a dirección de arte publicitario e o deseño gráfico, realización de fotografías ou vídeos para campañas. Traballamos con axencias de publicidade nacionais e estranxeiras. En Galicia ou no resto de España en proxectos audiovisuais e fóra en traballos de deseño e ilustración.

Para o sector cinematográfico e televisivo realizamos traballos de produción, dirección, dirección de fotografía, redacción, operación de cámara, edición ou grafismo. Temos participado en moitos programas e contidos de televisión da TVG, Movistar+, TVE, etc. No tocante ao cinema, auto-producimos o documental Ciudad de la Selva, traballamos en Habitar o Baleiro, ou no documental da medallista nos xogos paralímpicos de París Judith Rodríguez.

En relación ao traballo corporativo, ofrecemos servizos a organizacións sociais, pemes, autónomas, asociacións, etc. Ofrecendo ferramentas adaptadas á capacidade de gasto de cada entidade.

MIRAXE
S.COOP.GALEGA

881 076 455
miraxe@miraxe.coop
www.miraxe.coop

Miraxe é unha cooperativa galega de traballo fundada en 2017 por profesionais do sector do espectáculo, as artes escénicas e os eventos.

Nacemos coa vontade de construír unha maneira diferente de exercer a nosa profesión, situando a cooperación e a calidade técnica no centro do proxecto. Desde aquela, Miraxe medrou ata converterse nun equipo multidisciplinar capaz de abordar proxectos de distinta escala, desde a planificación e coordinación previa ata a execución técnica en directo.

O noso principal valor é o equipo humano: profesionais especializados, cunha ampla experiencia e cun compromiso permanente coa formación, a actualización técnica e a mellora continua.

Desenvolvemos a nosa actividade no sector do espectáculo, as artes escénicas, a música en directo e os eventos.

Áreas de traballo

- Persoal técnico especializado en son e iluminación.
- Produción e coordinación técnica de espectáculos e eventos.
- Formación e especialización profesional.

MIUDIÑO
S.COOP.GALEGA

699 006 384

contacto@miudinho.gal

www.miudinho.gal

Miudiño é unha cooperativa de traballo asociado, sen ánimo de lucro, ubicada en Vigo, que conta ademais cunha Tenda en liña.

- Naturalización de patios escolares: Renaturalización e enriquecemento das propostas de xogo nos espazos exteriores fan que poidamos embarcarnos nesta travesía de cambio educativo, apoiándonos na Psicoloxía e na Educación Ambiental.

- Espazos de xogo: Espazos de xogo libre facilitadores da curiosidade, calma e tranquilidade, que facilitan o fluír no tempo, ao xerar festas sosegadas que conxugan diversión sen hiperestimulación. Adaptables a espazos grandes e pequenos. Ofertados con monitor ou monitores dependendo do número estimado de persoas participantes.

- Obradoiros: Obradoiros para a cativada, que poñen ao alcance das súas mans a creación e experimentación a través de elementos naturais e de refugallo e o emprego de ferramenta real.

- Contacontos: Queremos recuperar a tradición dos contadores de historias; aqueles que co emprego da palabra coma elemento poderoso son quen de potenciar unha escoita activa, curiosidade e abraio ante a fascinación e grandeza da natureza.

- Venda de xoguetes tradicionais artesanais.

- Editorial.

NAVE DE LATA
S.COOP.GALEGA

881 050 456

info@navedelata.gal

www.navedelata.gal

A cooperativa cultural Nave de Lata nace a principios do 2023 como espazo de creación e laboratorio de ideas, impulsada por persoas cun xa longo percorrido na xestión cultural.

Adicámonos principalmente á música ao vivo, mais sempre en diálogo con outras disciplinas artísticas, procurando a colaboración e o intercambio con profesionais doutros ámbitos que tamén entenden a cultura como chave transformadora.

Nave de Lata é tamén a casa de Luneda Producións, axencia adicada ao booking, a produción e a programación de eventos musicais. A través desta marca, especializámonos na música tradicional e folk, nas músicas do mundo e no jazz, abríndonos cara outros estilos e cara outras tendencias.

Traballamos dun xeito consciente na defensa da lingua e cultura propia dos pobos, na recuperación da memoria e na posta en valor do patrimonio inmaterial, desde unha óptica contemporánea, feminista e sostible. Apoiamos os procesos creativos, a experimentación artística e a formación na profesionalización, promovendo espazos de encontro e acompañamento. Pensamos, deseñamos, producimos e comunicamos eventos singulares, programacións a medida para institucións, marcas ou empresas. Escoitamos, aprendemos e xestionamos.

Colaboramos?

NOSO
S.COOP.GALEGA

613 005 844

info@noso.gal

www.noso.gal

Impulsamos proxectos dende unha mirada propia, construída a partir da intersección das ciencias sociais, o audiovisual e a arquitectura, coa que formular propostas innovadoras para o desenvolvemento social, cultural e territorial.

Os nosos eixos principais de traballo son a xestión cultural, patrimonial, o audiovisual e o urbanismo.

Enfocamos o traballo dende a riqueza de perspectivas e visións, por eso contamos nos nosos proxectos con colaboradores de perfis diversos: xeógrafos, arqueólogos, deseñadores, ilustradores e videógrafos, entre outros moitos profesionais que nos levan acompañando neste tempo.

NUMAX
S.COOP.GALEGA

981 560 250
info@numax.org
www.numax.org

Un cinema, unha libraría e un laboratorio de deseño, desenvolvemento web, comunicación e produción audiovisual. Somos unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro formada por persoas procedentes de diversos ámbitos da creación e difusión cultural que decidimos colaborar para facermos xuntos o que estamos afeitos a facer por separado.

Nace como proxecto de autoemprego dos seus socios fundadores a través da creación dun espazo que favorecerá a confrontación de ideas, o encontro e o debate mediante a prestación e xestión de servizos e produtos culturais, artísticos e educativos.

Collemos o noso nome da fábrica de electrodomésticos que Joaquín Jordà filmou en 'Numax presenta...' no ano 1979.

O proxecto baséase na redistribución e compensación do traballo dos socios entre as súas áreas de actividade. Isto permitirá a viabilidade da única sala de cinema independente en versión orixinal de Galicia, con programación diaria, nun momento no que desapareceron todos os espazos de exhibición cinematográfica do centro da cidade.

O CABLE INGLÉS S.COOP.GALEGA

o cable inglés
cooperativa cultural

653 477 154
650 579 208
info@ocableingles.com
www.ocableingles.com

Rescatamos o noso nome dun dos episodios máis descoñecidos da Historia de Galicia como metáfora para crear e comunicar cultura. Xuntando a experiencia dunha equipa de profesionais especializadas en xestión, produción, deseño e comunicación dixital, O Cable Inglés ofrece servizos de xestión integral de proxectos culturais sostibles e implicados co territorio e cos seus habitantes.

Facemos traxes culturais a medida. O noso obxectivo é propoñer solucións a medida, capaces de integrar cantos servizos sexan precisos para levar a bo termo cada experiencia cultural.

Especializadas en proxectos 360º. Ocupámonos de todas as fases do proxecto, desde o desenvolvemento da idea ata a difusión, cunha visión integradora que crea identidade.

- Xestión e produción
- Gabinete de prensa
- Deseño gráfico
- Marketing dixital e medios sociais
- Branding
- Audiovisual

OUTONÍA
S.COOP.GALEGA

622 834 218
info@outoniacoop.gal
www.outoniacoop.gal

A cooperativa actúa (de forma prioritaria) nas ruralidades de Lugo e Ourense.

O eixo central da entidade é a prestación e servizos socioeducativos, para a promoción de proxectos e iniciativas sociais, articuladas arredor de tres grandes áreas:

- Educación non formal

- Intervención comunitaria

- Innovación e investigación social

As traballadoras da entidade especialízanse na mediación territorial en contextos rurais.

PERFORMA S.COOP.GALEGA

PERFORMA

881 018 893
info@performa.gal
www.performa.gal

Performa é unha cooperativa de servizos de consultoría, xestión e comunicación, especialmente no ámbito cultural.

- Xestión de equipamentos culturais
- Comisariado de exposicións
- Produción de eventos
- Organización e deseño de proxectos culturais
- Plans de comunicación
- Proxectos museolóxicos e museográficos
- Deseño de programacións
- Deseño estratéxico e innovación cultural

REXENERANDO S.COOP.GALEGA

604 033 515
info@rexenerando.com
www.rexenerando.com

Rexenerando é unha cooperativa sen ánimo de lucro afincada en Ferrolterra desde 2014. Desenvolvemos proxectos socioculturais arredor dos nosos tres eixos de traballo: participación social e facilitación de grupos; igualdade e diversidade; cultura, memoria e lingua.

Levamos a cabo proxectos artesanais, pensados desde e para cada contexto, coidando o proceso e integrando aos colectivos apelados a través da participación, incorporando de maneira transversal a mirada de xénero, o respecto pola cultura e lingua galega e a sustentabilidade.

A área cultural está dedicada á dignificación dos territorios e a súa historia para mellorar o coñecemento dos espazos que habitamos, comprendendo as opresións e valores que os atravesan, e comprometéndonos coa súa xestión e coidados.

- Deseño e execución de roteiros históricos interpretados
- Proxectos educativos de posta en valor do territorio e os seus recursos
- Procesos e metodoloxías de innovación educativa para a activación de falantes.
- Procesos participativos comunitarios para a recuperación e visibilización da memoria colectiva.
- Elaboración de materiais gráficos e audiovisuais para a divulgación das historias subalternizadas.
- Asesoramento e produción de xornadas divulgativas

RIBEIRÁN
S.COOP.GALEGA

RIBEIRAN
PROXECTOS NATURAIS

652 306 788
ribeiran@ribeiran.com
www.ribeiran.com

Ribeirán é unha cooperativa con foco na educación ambiental, ocio e tempo de lecer que ofrece diversos servizos para administracións, colexios, asociacións e outras entidades.

Actividades, cursos e obradoiros presenciais e online, como agricultura ecolóxica, ecoemprego, emprendemento verde, monitor e monitora de tempo libre, coordinación de voluntariado ambiental, guías intérpretes de ecoturismo, deseño e sinalización de sendeiros, elaboración de contidos para webs, folletos, guías ambientais e/ou turísticas, ou material divulgativo.

Outra das súas liñas é a colaboración no campo científico con institucións como o Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC).

SACAUNTOS
S.COOP.GALEGA

981 576 883
info@sacauntos.com
www.sacauntos.com

Sacauntos é unha cooperativa gráfica que oferta servizos de deseño gráfico, web e impresión en grande e pequeno formato.

Creamos unha editora para ofrecer un servizo integral de edición para particulares e empresas: un selo que coloque o noso bo facer con máis dunha década no mundo editorial ao alcance do público xeral, na súa totalidade: desde o acompañamento do proceso da escrita, até a distribución en librarías e a promoción.

Facemos desde libros e revistas a tarxetas de visita, carteis para exterior, lonas de gran formato ou papelaria corporativa. Deseñamos logotipos e webs, facemos ilustración e infografías e maquetamos as túas publicacións. Temos unha oferta de servizos editoriais (corrección, tradución, estilo) e tamén facilitamos servizos de autoedición para quen escolle a vía de publicar o seu propio traballo (xestión do depósito legal e o ISBN, maquetación, deseño de capa, ou simplemente impresión do documento final).

Temos unha forte vocación social: colaboramos con colectivos e asociacións de todo tipo, na procura de conseguir un impacto na nosa contorna.

Queremos ser imprenta de barrio, mais tamén un referente para as persoas que inician os seus proxectos culturais ou activistas.

SOMOSTERRA S.COOP.GALEGA

667 736 645
cooperativa@somosterra.gal
www.somosterra.gal

SomosTerra é unha Cooperativa Galega Xuvenil sen ánimo de lucro de Nigrán para a divulgación científica, a formación en sostibilidade e o asesoramento no ámbito ambiental que, a través de actividades, obradoiros e programas de formación e voluntariado, educa e involucra aos diferentes axentes da sociedade poñendo o foco en reducir a súa pegada ecolóxica.

Buscamos a soberanía alimentaria como forma de solventar os problemas ambientais e sociais derivados da situación climática actual, coa creación de hortas e bosques comestibles colaborando coa cidadanía de todas as idades e lugares.

SORORAS
S.COOP.GALEGA

609 106 652
info@sororas.gal
www.sororas.gal

Espazo de creación e aprendizaxe en igualdade desde a aplicación da perspectiva de xénero. Os nosos servizos medran orgánicos coma nós.

Temos desde Plans de Igualdade para entidades públicas e privadas até servizos de comunicación: deseño gráfico, vídeo, fotografía e redes sociais.

Realizamos obradoiros usando como ferramentas a Historia, a Memoria, a Comunidade e a Creatividade.

Facemos Xestión Cultural, desenvolvemento de proxectos e acompañamento na tramitación de axudas. E non esquezamos a peza angular do noso proxecto: o Eirado de Xogos para tecer comunidade promovendo a igualdade, a inclusión e a diversidade.

SUSEIA
S.COOP.GALEGA

658 639 414
suseia@suseia.gal
www.suseia.gal

Suseia Coop, é moito máis ca unha produtora audiovisual.

Dende 2020, soñamos, producimos e transformamos as historias da nosa clientela en potentes mensaxes visuais.

A nosa misión é clara: ofrecer vídeos profesionais a prezos xustos mentres creamos un impacto positivo na nosa comunidade.

- Produción e realización de programas de tv
- Vídeos corporativos
- Vídeos institucionais
- Videoclips
- Anuncios
- Congresos
- Edición de vídeo
- Streaming

TEIXUGO
S.COOP.GALEGA



986 264 193
teixugo@teixugo.com
www.teixugo.com

Teixugo é unha empresa cooperativa que traballa dende 1.999 no ámbito da Educación Ambiental e na xestión de distintos proxectos ambientais.

O noso reto fundamental como equipo de profesionais é achegar a nosa colaboración técnica nos procesos que perseguen unha relación equilibrada entre o desenvolvemento das persoas, a mellora do medio ambiente e a conservación do patrimonio. Así, aspectos como a participación social na resolución dos problemas ecolóxico/ambientais, ou a capacitación para avaliar e integrar valores cunha actitude crítica e construtiva, son ao mesmo tempo, o fin e o medio do noso quefacer laboral cotián.

As nosas principais liñas de traballo son:
- Educación Ambiental: programas e proxectos de educación ambiental, creación, xestión e desenvolvemento de equipamentos ambientais, e obradoiros.
- Turismo de Natureza: itinerarios ambientais, e turismo ornitolóxico.
- Consultoría Ambiental: asesoría, informes, xestión de proxectos e deseño de materiais.
- Interpretación do Patrimonio: xestión de centros, itinerarios interpretativos.
- Formación: educación ambiental, interpretación do patrimonio, xestión de proxectos, emprendemento cooperativom e artesanía tradicional.

TORTA TORTA
S.COOP.GALEGA

626 700 444
somostortatorta@gmail.com
www.tortatorta.com

Torta Torta, cooperativa de traballo, é unha compañía de teatro, o lugar que atopan Ailén Kendelman e Areta Bolado para contar o que queren e do xeito que lles gusta. En galego torta é non ir dereita, estar torcida, tamén temos retorta, que é ser revirada. Se preguntas en castelán, vén sendo unha lapada. Se es latina, unha bollera. E xa se sabe que en todos os lados, a falta de pan…

Estas dúas recoñecidas teatreiras galegas continúan a súa traxectoria de creación en común mesturando música, teatro e humor acedo e reivindicativo. No seu camiño artístico recibiron máis dunha vintena de premios, xuntas e por separado, que distinguen o seu labor no teatro, o seu bo facer na música e o seu compromiso coa igualdade e os dereitos LGBTIQ+.

As actividades que desenvolve Torta Torta son:
- Creación, produción e representación de espectáculos escénicos en directo.
- Escrita teatral, dramaturxia, dirección e/ou produción de espectáculos.
- Servizos de composición, gravación e interpretación de música, bandas sonoras orixinais, espazos sonoros e foley.
- Xestión e produción cultural. Organización de eventos culturais: teatro, música e outras artes.
- Impartición de actividades pedagóxicas e de mediación relacionadas coas artes en xeral.
- Planificación e gravación de produtos audiovisuais.

URDIME S.COOP.GALEGA

981 937 424
ola@urdime.gal
www.urdime.gal

Urdime é unha cooperativa de traballo asociado que entende a cultura como unha ferramenta de transformación social, de transmisión de valores e de dinamización do territorio. Tecemos proxectos dende a creatividade, o compromiso e a cooperación, acompañando entidades públicas, privadas e do terceiro sector no deseño, produción e coordinación de propostas culturais e eventos. Poñemos ao servizo de cada proxecto a profesionalidade e a experiencia adquiridas ao longo de máis de quince anos, acompañando cada iniciativa desde a súa concepción ata a súa execución.

A nosa actividade estrutúrase arredor de tres grandes fíos:

-Distribución de artes escénicas e musicais, cun amplo abano de compañías consolidadas e novas propostas artísticas.

-Acción cultural e produción de eventos, deseñando e coordinando proxectos culturais, institucionais e corporativos para entidades públicas e privadas.

-Deseño de espazos, produción técnica e loxística integral, desenvolvendo stands, escenografías, exposicións e espazos efémeros, e coordinando todos os recursos técnicos, humanos e loxísticos necesarios para garantir unha execución eficiente e de calidade.

VÓRTICE
S.COOP.GALEGA

607 867 677
vorticecoop@gmail.com
www.bengalateatrofisico.com

Vórtice S. Coop. Galega ten como principal actividade a creación e representación de espectáculos teatrais a través da súa compañía Bengala Teatro Físico.

Do mesmo xeito tamén realiza diferentes actividades formativas e de xestión cultural relacionadas coas artes vivas.

XARDA
S.COOP.GALEGA

619 583 815
elena.martin35@gmail.com
www.xarda.gal

Xarda é unha cooperativa de comunicación social que fai reportaxes audiovisuais, documentais de diferentes temáticas ademais de reportaxes escritas, fotografía e labores de tradución audiovisual.

Somos un grupo de xornalistas que cren nun xeito de informar máis xusto e cercano á sociedade, onde sexan as persoas as que digan que é o que precisan. cremos na participación da sociedade civil, desde abaixo.

Traballamos con calquera medio de comunicación que crea nunha comunicación para o cambio social real, e con aquelas persoas, empresas ou cooperativas que busquen un xeito distinto de amosar o seu traballo e darse a coñecer, e en galego.

XEITURA XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL S.COOP.GALEGA

609 474 976
turismo@xeitura.com
www.xeitura.com

A cooperativa Xeitura Xestión do Patrimonio Cultural traballa as tres grandes áreas de actuación aceptadas na xestión patrimonial ofrecemos un amplo catálogo de servizos, que abarcan dende a xestión básica (investigación e protección) ata a xestión aplicada (difusión).

O obxectivo fundamental é a conservación, valorización e xestión do patrimonio cultural e natural.

A súa oferta abarca unha ampla gama de actividades, servizos e produtos relacionados co ámbito da investigación, preservación, difusión e posta en valor do patrimonio.

- Xestión de proxectos culturais
- Difusión e sensibilización
- Visitas guiadas
- Educación patrimonial
- Mediación cultural
- Creación de experiencias e paquetes turísticos
- Mellora de infraestruturas e servizos relacionados co patrimonio
- Formación e capacitación
- Consultoría e asesoramento en xestión do patrimonio cultural
- Proxectos de investigación e inventariado
- Produtos e publicacións
- Tecnoloxía e innovación no patrimonio

COOPS
Cultura, turismo, ocio, patrimonio e medio ambiente

CATÁLOGO DE COOPERATIVAS CULTURAIS
TURISMO, OCIO, PATRIMONIO E MEDIO AMBIENTE
ESPAZOCOOP
NOVEMBRO 2026

XUNTA DE GALICIA
MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL
SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL
SEPE
eusumo
Cooperativismo e Economía Social
espazo coop
unión de cooperativas galegas


espazo coop
unión de cooperativas galegas